

Unidade 3.-Clases de palabras (1): substantivo e adxectivo.

FÍXATE:

SUBSTANTIVO:

1.-Na morfoloxía (forma) do substantivo, que presenta un lexema (que aporta o significado léxico da palabra) e os morfemas gramaticais de xénero (masculino ou feminino) e número (singular ou plural).

2.-Na clasificación do substantivo atendendo ao seu significado.

3.-No xénero dos substantivos, que os agrupa en

1º) Substantivos con oposición de xénero:

a) Sinálase unha diferenciación de sexo (*amigo/amiga*).

b) Distinción de forma e/ou tamaño (*cancelo/cancela; cesto/cesta*) ou individual/colectivo (*leño/leña*).

c) Substantivos homónimos (*o editorial/a editorial*).

d) Substantivos con xénero propio e invariable (*o guindastre, a vítima*).

2º) Substantivos sen oposición de xénero: ver cadro da páx. 56.

4.-Na formación do xénero feminino.

5.-Na formación do número plural.

ADXECTIVO:

1.-Morfoloxía (= ca o substantivo).

2.-Clasificación dos cualificativos.

3.-Xénero e número.

4.-Usos de *Santo/San* e *grande/gran*.

5.-Graos do adxectivo.

É IMPORTANTE FIXARSE NOS USOS DAS FORMAS:

COMA/COMO E CA/QUE/DO QUE

ASÍ COMO NAS CONTRACCIÓN DE CA E ARTIGO

 **Actividades:** 1, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 15, 17, 18, 19, 20, 21 (páxs. 63-66).

 **Ortografía:** ActividadeS (páx. 66)

Comentario de textos: O TÍTULO. O TEMA.

Sinala o tema central dos textos da páx. 68.

✓ **CD:**

A acentuación en galego.

O uso dalgunhas letras.

Clases de palabras (1)

O guión.

O mapa conceptual.

☺ LEMBRA:

O substantivo:

1./ Punto de vista morfolóxico: lexema + morfemas gramaticais de xénero e número (=adxectivo).

{amig-} {-o-} {s-}

2./ Punto de vista sintáctico: .-NÚCLEO dunha frase (=sintagma) nominal.

.-SUXEITO da oración.

Ex.: *Os amigos de Pedro viven na Coruña.*

Os amigos de Pedro é o SUX. da oración. *Amigos* é o NÚC. da frase nominal.

3./ Clasificación semántica:

Substantivos:	Propios:	Topónimos (<i>Ourense, Miño</i>)		
		Antropónimos (<i>Pedro, Pepe, López</i>)		
	Comúns:	Abstractos (<i>caridade, beleza</i>)		
		Concretos:	Non contables (<i>auga, azucre</i>)	
			Contables:	Individuais (<i>lapis</i>) Colectivos (<i>rabaño</i>)

4./ Xénero: masculino e feminino. A diferenza de xénero establece:

.-Distinción de sexo (*amigo/-a*)

.-De forma (*río/ría*)

.-De tamaño (*cesto/cesta*)

.-Individual/Colectivo (*leño/leña*)

.-Substantivos homónimos: *o editorial/ a editorial*; *o cólera / a cólera*.

.-Substantivos con xénero propio e invariable: *o dote, a vítima*.

.-Masculinos, femininos (cadro, páx. 56). COIDADO COAS EXCEPCIÓNS.

.-Formación do feminino (páx. 57).

COIDADADO COS CASOS DIFERENTES AO CASTELÁN

O adxectivo:

1./ Punto de vista morfolóxico: lexema + morfemas gramaticais de xénero e número (=substantivo).

2./ Punto de vista sintáctico: MODIFICADOR do NÚCLEO da frase nominal.

Os amigos fieis...

3./ Xénero e número = substantivo.

4./ Usos dalgúns.

5./ IMPORTANTE A GRADACIÓN DO ADXECTIVO (pp. 60-62).